

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 17

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ordinaria, continuación da realizada o día 29 de outubro de 2011, que terá lugar o día **31 DE OUTUBRO DE 2012 ÁS OITO HORAS E TRINTA MINUTOS**, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

5.- Mocións:

- 5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Goberno do Estado e á Xunta a adopción de medidas para a modificación do art. 105 da Lei Hipotecaria e o 693 da Lei de Axuizamento Civil. Expte. 472/1101
- 5.3.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a subvencionar as actividades musicais de Vigo na mesma contía que a Real Filharmonía e a Orquestra Sinfónica de Galicia. Expte. 532/1101
- 5.4.- Moción do Grupo municipal Socialista instando a defensa no seo do Consello Europeo do mantemento do financiamento do Programa Europeo de Axuda Alimentaria. Expte. 542/1101.
- 5.5.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao Goberno do Estado a reconsideración das medidas propostas sobre a reforma da Lei de bases de réxime local. Expte. 540/1101.
- 5.6.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao goberno da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno Estado a inclusión nos ciclos de Primaria e Secundaria de contidos obrigatorios sobre primeiros auxilios, seguridade vial, auto protección e emerxencias. Expte. 539/1101.

6.- Asuntos urxentes.

- 6.1. Moción do Grupo Popular instando apoiar os investimentos previstos pola ministra de Fomento nos presupostos do Estado para o AVE e rexeitar as declaracións efectuadas por nacionalistas cataláns. Exp. 550/1101.

PARTE DE CONTROL

1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.

- 1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.

3.- Comparecencias de membros da Corporación.

4.- Mocións.

4.1.- Moción do Grupo municipal Popular instando ao Goberno de Vigo un sistema de sinalización definido. Expte. 538/1101.

4.a. Mocións urxentes

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, ó abeiro do disposto no art. art. 73.3 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, BOP nº 180, 17.09.2010, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **ORDINARIA**, continuación da realizada o 29 de outubro de 2012, no salón de Plenos ás **OITO HORAS E TRINTA MINUTOS do día TRINTA E UN DE OUTUBRO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Kv

O ALCALDE,

Vigo, 31 de outubro de 2012
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda